EXERCICIOS DE APOIO (SECCIÓN 8ª)

Volve a ler con atención o documento base desta sección e despois realiza os exercicios que veñen a continuación:

1.- Compara o concepto de cidadanía da Grecia Antiga co de Roma.

2.- A Idade Media e o Cristianismo en relación coa idea de cidadanía.

3.- A conquista moderna da cidadanía.

4.- Fundamento filosófico da cidadanía universal en Kant.

5.- A concepción republicana da cidadanía.

6.- A concepción liberal da cidadanía.

7.- A concepción comunitarista.

8.- A concepción canónica actual da cidadanía (Marshall).

9.- Problemas actuais: inmigración e multiculturalismo.

10.- A globalización e a cidadanía cosmopolita.

Respostas:

1.- Na antiga Grecia a cidadanía:
- era un estatus exclusivo, do que carecían tanto os estranxeiros como os escravos e as mulleres.
- supoñía a participación activa na deliberación e decisión dos asuntos públicos da *Polis*.

En Roma, a condición de cidadán:
- acabou estendéndose a todos os varóns libres do Imperio.
- transformouse nunha condición xurídica pasiva de protección de dereitos.

2.- No Medievo a idea de cidadanía quedou eclipsada, debido a transformación das relacións socio-políticas de poder en relacións persoais de dominación e dependencia.

A Igrexa bendiciu e sacralizou as relacións xerárquicas de poder, e confirmou a desigualdade socio-política como natural; a pesar da afirmación de igualdade e fraternidade de todos os seres humanos como "fillos de Deus".

3.- A conquista moderna da cidadanía foi levada a cabo polas revolucións burguesas, que transformarán aos "súbditos" en "cidadáns" libres e iguais.

4.- Kant fundamentará a cidadanía na condición racional dos seres humanos, que os fai suxeitos morais autónomos e autolexisladores.

5.- O eixe central da concepción republicana da cidadanía é a participación activa nos asuntos públicos.

6.- A concepción liberal da cidadanía considera que os individuos teñen liberdades e dereitos naturais inalienables, anteriores e independentes da comunidade política da que formen parte. A función do Estado é garantir e protexer tales dereitos.

7.- O eixe central da concepción comunitarista da cidadanía é a identidade do suxeito, que se define pola súa pertenza a unha comunidade.

8.- O concepto canónico actual de cidadanía, formulado polo sociólogo británico T. H. Marshall en 1949, inclúe tres elementos: 1) dereitos civís (XVIII), 2) dereitos políticos (XIX), e 3) dereitos socio-económicos (XX).

9.- A inmigración e o multiculturalismo das sociedades actuais susucita novos problemas, tales como:
- determinar as formas de pertenza e inserción dos inmigrados nas comunidades políticas nas que se insiren.
- a necesidade de desenvolver ética cívica de mínimos compartida por todos, máis alá das identidades particulares e grupais, para lograr unha certa unidade na diversidade.

10.- O fenómeno da globalización da sociedade actual fai revivir a esixencia ética de construír unha cidadanía cosmopolita, como xa soñaran o filósofo grego Zenón (“cidadán do mundo”) e o filósofo da Ilustración europea, I. Kant (s. XVIII), para lograr unha igualdade básica de todos os seres humanos, esixida polo ideal de xustiza.